

Dez asociacións poderán adquirir mobiliario, ampliar o centro e renovar os desperfectos // Dotarase a moitas de novos vehículos adaptados // A intención das axudas é mellorar a calidade de vida das persoas que o precisan **TEXTO A. Prada**

Inxección económica en Área para mellorar as entidades sociais

Mellorar as condicións das entidades que están a traballar no ámbito dos servizos sociais. Ese é o obxectivo co que a Deputación da Coruña achegará un total de 595.718 euros a 64 entidades de toda Galicia. No caso de Área serán dez as que se vexan beneficiadas desta liña promovida pola área de Servizos Sociais que dirixe Ánxela Franco. En total, investirán 185.758 euros na área compostelana.

Con estas axudas as entidades poderán adquirir mobiliario, adaptar espazos, comprar material audiovisual, ampliar os centros, investir en novas tecnoloxías ou cubertas de pistas, acondicionar os espazos ao ar libre, cambiar as cubertas, renovar as xanelas, ampliar os obradoiros, adquirir material ofimático ou reparar algunhas instalacións.

A deputada de Servizos Sociais e Igualdade, Ánxela Franco, destacou que consideran fundamental axudar as asociacións que traballan no ámbito dos servizos sociais xa que "fan unha función fundamental para a mellora calidade de vida das persoas que máis o precisan e que teñen que contar co apoio das institucións".

Pola súa parte, o presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, lembrou que ademais acaban de adquirir "once vehículos adaptados destinados a outras tantas entidades coruñesas para o transporte de persoas con problemas de mobilidade". Ademais, engadiu, "prestarán servizo de teleasistencia a máis de 2.000 persoas maiores en toda a provincia, proporcionando seguridade e tranquilidade ás súas familias", indicou.



A asociación Amaraí mellorará equipamento e infraestruturas cunha axuda de 20.800 euros. Foto: Amaraí

{A OLLADA}

Premiar as boas obras

Alba Prada

O ENORME LABOR que realizan as asociacións sociais da comarca é innegable e por iso é unha gran noticia que desde as institucións as teñan moi en conta á hora de reparar axudas. Estes case 600.000

euros que se repartirán entre 64 asociacións de toda Galicia (dez delas en Área) suporán grandes melloras nas entidades que, por suposto, repercutirán na calidade de vida das persoas que máis o necesitan. Moitas delas poderán ampliar os centros, corrixir desperfectos, acondicionar espazos ao ar libre ou investir en novas tecnoloxías. Incluso algunhas van adquirir novos vehículos adaptados. Son axudas que premian a quen "axuda".

En total, son case 600.000 euros dos que se beneficiarán un total de 64 entidades de toda Galicia, con axudas que acadan ata os 27.500 euros e que se distribuiron segundo criterios obxectivos. Ánxela Franco quixo recalcar o firme compromiso da Deputación con todas estas asociacións, que dixo, "precisan do apoio institucional para facer investimentos necesarios para desenvolver o seu labor".

As entidades sociais de Área que foron beneficiadas con estas axudas foron Amicos do Barbanza, Andaina Pro Saúde Mental Emprego, Asociación de persoas con diversidade funcional Integro

PROTAGONISTA

Valentín G. Formoso

Presidente da Deputación

"DESENVOLVEN UN GRAN LABOR SOCIAL"



González Formoso destacou que esta liña de axudas trata de dar apoio "a entidades que desenvolven un gran labor no eido social da nosa provincia e que contribúen a mellorar a calidade de vida de miles de persoas". O presidente da Deputación da Coruña puxo en valor o "gran traballo que está a levar a cabo a área de Servizos Sociais percorrendo a provincia, escoitando e traballando man a man co tecido asociativo e as entidades da provincia para coñecer directamente as súas necesidades". Lembrou que nos orzamentos da Deputación para 2019 a partida desta área incrementase nun 8,7%, cun investimento próximo ós 12 millóns de euros.

da comarca de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra; a Asociación de Padres de Personas con Discapacidade ASPAS, a Asociación de Padres de Personas con Discapacidade Intelectual de Xallas-Cee, Aspadex; a Asociación de Persoas con Discapacidade e Apoio á Integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide, Amaraí; a Asociación Ámbar das persoas con diversidade funcional, a Asociación Vieiro de Carballo, a Asociación con persoas con discapacidade de Avante e a Asociación de Discapitados da Bisbarra de Muros. A maioría delas reciben axudas de entre 20.000 e 25.000 euros.